

Título: Competencias Dixitais Avanzadas

Docentes: Francisco Prieto Guerreiro

Descrición xeral da materia:

Coñecer que é a rede Internet e saber como empregala é imprescindible hoxe en día. Os servizos e aplicacións que a compoñen permiten levar a cabo tarefas esenciais na actualidade para ós seus usuarios, polo que é necesario saber cales son e como utilízalos de forma individual ou colectivamente, ben sexa no traballo, ou como non, no fogar.

Na actualidade, calquera usuario debe aprender a xerar, manexar e utilizar ficheiros con contidos de imaxe e vídeo, habituais na rede internet e nos dispositivos persoais, polo que debe coñecer e aprender como se poden editar e enviar a outros usuarios ou servizos dispoñibles na rede.

Obxectivos:

Os asistentes adquirirán as capacidades necesarias para o manexo do ordenador persoal en internet empregando as aplicacións e servizos principais da rede. Prestarase especial atención a que o alumno acade a capacidade de buscar, instalar, configurar e empregar os programas e servizos da rede mais demandados na actualidade.

A xeración de contidos multimedia, ligado ó uso dos dispositivos persoais, leva implícita a necesidade de que o usuario poda ser capaz de editar os arquivos antes de poder distribuílos a través da rede, a nube persoal, as redes sociais ou calquera outro servizo dispoñible.

Contidos:

Módulo 1: Xestión Avanzada de Internet

1. Navegación segura e privada (VPN, modos navegación anonima, xestión de cookies).
2. Uso avanzado de motores de busca (trucos e filtros en Google, buscadores alternativos).
3. Ferramentas online para xestión documental (Google Drive, OneDrive, PDF online).

Módulo 2: Comunicación e Redes Sociais

4. Xestión avanzada de correo electrónico (filtros, regras, sinaturas, contas múltiples).
5. Uso práctico de WhatsApp Web, Telegram e videoconferencias (Teams).
6. Redes sociais para maiores: Facebook, YouTube e outras plataformas de interese.

Módulo 3: Seguridade e Privacidade Dixital

7. Autenticación segura e xestión de contrasinais.
8. Identidade dixital: Cl@ve, Chave365, certificados dixitais.
9. Protección ante fraudes online (phishing, fake news, seguridade nas compras).

Módulo 4: Ofimática e Traballo na Nube

10. Xestión avanzada de documentos en Microsoft Word (estilos, índices, PDF...)
11. Creación de follas de cálculo en Excel (funcións básicas e gráficos)
12. Uso de PowerPoint para presentacións e proxectos dixitais

Módulo 5: Edición Multimedia e Creación de Contidos

13. Introducción á edición de imaxes con Gimp
14. Creación e edición de vídeos con Shotcut
15. Aplicacións móbiles para edición rápida de imaxes e vídeos

Módulo 6: Dispositivos e Automatización Dixital

16. Configuración avanzada de dispositivos (PC, móbil, tablet, TV)
17. Sincronización e almacenamento na nube (Google Drive, OneDrive, Dropbox)
18. Introducción á domótica e dispositivos IoT no fogar

Módulo 7: Resolución de Problemas e Casos Prácticos

19. Recuperación de datos e copias de seguridade
20. Asistencia remota: ferramentas para compartir pantalla
21. Guías de actuación para resolver as incidencias habituais nos dispositivos.

Metodoloxía docente:

A materia combinará pequenas exposicións dos contidos teóricos necesarios para poder por en práctica as aplicacións e servizos da rede que sexan materia de estudo. O compoñente práctico guiado será o elemento básico nas clases de forma que os alumnos podan levar a cabo unha aprendizaxe constante e fluída, complementando o proceso con exemplos e exercicios prácticos a desenvolver de xeito individual polos alumnos.

Fontes de información: Bibliografía e ligazóns de interese:

Materiais elaborados ou recomendados polo profesor disponibles no campus virtual da materia (Moodle)

Vídeo tutoriais de YouTube dispoñibles no Campus virtual da materia (Moodle)